

XVI Semana do Libro e a Lectura

LIBROS PARA XOGAR

ORGANIZAN

Asociación Socio-Pedagóxica Galega
Concello de Carballo

PATROCINA

Fundación Luis
Calvo Sanz

AGRADECEMENTOS

A todo o profesorado e alumnado dos centros
de ensino de Carballo pola súa colaboración
e implicación coa Semana do Libro.

XVI Semana do Libro e a Lectura

Do día 24 ao 28 de abril

Biblioteca Municipal Rego da Balsa (Carballo)

Organiza:



Patrocina:



ACTIVIDADES CONCERTADAS COS CENTROS DE ENSINO

De luns a venres na Biblioteca Municipal Rego da Balsa

LUNS 24

AS PALABRAS PERDIDAS, Inventi Teatro

A Condesa Colorada e o seu axudante Leocadiof son viaxeiros chegados dende moi lonxe. A Condesa, unha coñecida contadora con fama internacional, dispónse a narrar o seu relato preferido pero, ao abrir o libro, cae na conta de que o seu conto está cheo de buratos.

MARTES 25

ROCKEANDO CON RAMONA PEQUENA, Pakolas

Contaremos e cantaremos a historia de Ramona pequena. A máquina do tempo leva a Ramona pequena á súa infancia no Caurel, veremos como a imaxinación non ten límites, a nosa cabeza é un taller de ideas onde os soños poden tornarse realidade.

MÉRCORES 26

CIRCO GALAICO, Títeres Alakrán

Un espectáculo orixinal no que os animais salvaxes da fauna galega son os protagonistas. Estes acoden á chamada do mestre de cerimonias para facer alarde das súas proezas: a súa forza, equilibrio, danza, malabares,... ao son da música tradicional.

UN SACO DE CONTOS, María da Pontragha

Contos e cancións de tradición oral que beben da nosa herdanza cultural e cos que sementa as leiriñas da rapazada para que medre vizosa.

XOVES 27

E A TI... QUE CHE CONTABAN?, Vero Rilo

"Periquiño me, por aquí non é, por aquí tampouco, entón... Por onde?! Por aquí, por aquí, por aquí...". E é que Periquiño sempre andaba á procura de novos tesouros, buscando por aquí, por acolá... E era de cando en vez que algún atopaba...

UN LIBRO BAIXO A ALMOFADA, Caxoto

Cando era pequeno todas as noites Caxoto collía un conto e poñíase a ler antes de durmir. Cando sentía que o sono prendía nel pechaba o libro, gardábao debaixo da almofada, puña a cabeza enriba e coas últimas imaxes lidas no libro deixábase levar cara ao mundo dos soños...

VENRES 28

A OVELLA E O LOBO E O AÑO E A OVELLA, Celso Fernández Sanmartín

Criámonos con contos de animais, uns herbívoros e outros carnívoros, todos humanos, por iso estes contos sérvennos, e servirannos.

APRENDE MAXIA, Mago Marco

Obradoiro que trata de ser unha escola de maxia como a de Harry Potter, estimular a fantasía e a imaxinación de nenas e nenos. Para iso, emprégase o teatro, o debuxo, os traballos manuais, a animación á lectura, todas as expresións artísticas postas ao servizo da maxia. Tan só fai falla un requisito: "Querer pasalo ben".



TARDES DE CONTOS, MÚSICA E MAXIA

Actividades abertas ao público de luns a venres ás 18:00 horas

LUNS 24

AS PALABRAS PERDIDAS, Inventi Teatro

A Condesa Colorada e o seu axudante Leocadiof son viaxeiros chegados dende moi lonxe. A Condesa, unha coñecida contadora con fama internacional, dispónse a narrar o seu relato preferido pero, ao abrir o libro, cae na conta de que o seu conto está cheo de buratos.

MARTES 25

ROCKEANDO CON RAMONA PEQUENA, Pakolas

Contaremos e cantaremos a historia de Ramona pequena. A máquina do tempo leva a Ramona pequena á súa infancia no Caurel, veremos como a imaxinación non ten límites, a nosa cabeza é un taller de ideas onde os soños poden tornarse realidade.

MÉRCORES 26

CIRCO GALAICO, Títeres Alakrán

Un espectáculo orixinal no que os animais salvaxes da fauna galega son os protagonistas. Estes acoden á chamada do mestre de cerimonias para facer alarde das súas proezas: a súa forza, equilibrio, danza, malabares,... ao son da música tradicional.

XOVES 27

OUTRA VEZ!, Vero Rilo

Que pasa cando un espectáculo sae do catálogo? Onde acaban todos eses contos? E se non podemos separarnos deles? "Outra vez!" é unha selección de pequenas alegrías. Un espectáculo de espectáculos. Unha escolla de aquí e de alá. Contalo "outra vez", sen parar.

VENRES 28

MAXIA PARA SOÑAR, Mago Marco

É un espectáculo sorprendente, para gozar en familia, onde o ilusionista Mago Marco propón unha viaxe de soño e ilusións envoltas nun misterio. Aparicións, desaparicións, levitacións imposibles e o máis importante: unha maxia interactiva na que o público é o gran protagonista!